

1982



“Pontevedra é boa vila  
dá de beber á quen pasa  
a fonte na Ferrería  
San Bartolomeu na praza.

No dondo colo do vento  
quedous'a choiva durmida.  
Lonxe as casas da cibdade  
baixan á beber na ría.  
Dos beizos escoa a copra  
Pontevedra é boa vila.

Cand'o sol cae nas pedras  
pescudando un grolo d'agoa  
a sombrilla abren os árbores  
par'o paxaro ximnasta.  
Fervendo luz de lua fresca  
dá de beber á quen pasa.”

“Pontevedra (Século XIX)”, *O galo* (1928)

## COLOREA

e axuda a Luis Amado Carballo a completar este poema coas seguintes palabras:


Sol



Nubes



Arco da Vella



Lúa

“As ..... choutan á comba  
coa corda do .....  
e polo monte os camiños  
foxen co medo das tebras  
(...)

Xa saiu a ..... choca  
levando o fato dos pitos  
enriba de Pardesoa

Encol da Terra de Montes  
funga o ..... como unha abella  
deixando vinchas de mel  
escoando polas leiras.”



“Canto de arada”, *O galo* (1928)

## LUIS AMADO CARBALLO

(Pontevedra, 1901 – 1927)

Foi un mestre, poeta, narrador e xornalista galego, membro das Irmandades da Fala e principal figura do movemento hilozoísta. Nos seus poemas a natureza ten alma de seu.

## GRANDES ÉXITOS

*Proel*

1927



*O galo*

1928

